



A VÍBORA, O CAZADOR E O RAPOSO

NOME DO DOCUMENTO: MPG_NoCa_0010_012_id714_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_NoCa_0010_012_id714.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Rexistro directo dun evento. Conto
MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 (editado e dixitalizado pola compiladora)
 Transcrición de texto
DURACIÓN: 0:07:26

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** Febreiro de 1997
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:
 - Parroquia:** Lérez
 - Concello:** Pontevedra
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia
- **INFORMANTE**
 - Nome:** Teresa Tilve Tobío
 - Idade do momento da recollida:** 56
- **RECOLLEDOR/ORA:** María Xosé Varela Solla
- **COMPILADORA:** Camiño Noia Campos
- **COLECCIÓN:** Camiño Noia (NoCa)
- **CLASIFICACIÓN E REFERENCIAS DESTE CONTO NOS CATÁLOGOS TIPOLÓXICOS DE CAMIÑO NOIA:**
 - Título xenérico:** O animal ingrato devolto ao cativerio
 - Tipo:** Contos de animais
 - Subtipo:** Animais salvaxes e humanos
 - Referencia:** 155 AT



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

Durante a década de 1990 até os anos 2000, a catedrática emérita e profesora de filoloxía galega María Camiño Noia Campos, dirixiu un valioso proxecto de recollida, catalogación e divulgación do conto galego de tradición oral. Neste proceso foi imprescindible a axuda do seu alumnado e de bolseiros, que se encargaron de facer as recollidas de campo gravando a persoas que aínda recordaban contos e que ademais sabían contalos. Os traballos, que se realizáronse en Galicia e nas áreas de lingua galega de Asturias, León, Zamora e Cáceres, constitúen hoxe unha testemuña única dun rico patrimonio que estaba a piques de desaparecer. O froito de traballar con todo este material plasouse en varias obras - citadas máis abaixo na bibliografía - nas que Camiño Noia sistematizou a narrativa galega oral de acordo a criterios recoñecidos internacionalmente. Nomeadamente, a súa última obra *Catalogue of Galicia Folktales* - editada pola prestixiosa Kalevala Society de Finlandia - coloca o conto galego dentro da tradición oral europea, dándolle un espazo de referencia no folklore internacional.

O APOI dispón actualmente, grazas á cesión de Camiño Noia, dos materiais orixinais froito das recollidas: a colección completa das gravacións e as transcripcións cos datos de campo. Presentamos o seu material seguindo os criterios do catálogo tipolóxico realizado pola propia compiladora.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi tomada dos documentos cedidos pola compiladora.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2010): *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral: clasificación, antoloxía e bibliografía*. Vigo : Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral*. Vigo: Nigratrea.

NOIA CAMPOS, M^a Camiño (2021): *Catalogue of Galicia Folktales*. Kalevala Society.

PALABRAS CHAVE

conto, narración, animal salvaxe, víbora, cazador, raposo

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN



Bueno, pois este contiño que vou a continuación, é un conto de un cazador que vai a cazar e vai polo monte, camiñando, camiñando, camiñando, e certo que pasa por onde unha pedra moi grande e debaixo desa pedra resulta que había unha víbora. E dícelle a víbora:

- Ai señor cazador! Pedíalle un favor tan grande que non sabería como agradecerllo se mo fixera.

- E logo que che pasa?

Si me quitara esta pedriña de encima de min que non me deixa comer na (...)

E dícelle o cazador:

- Ti que dis ho? Como che vou quita-la pedra de encima de ti, si ti vasme a picar?

- Non tuvera medo, non o pico. Como o vou picar? Non sabe canto lle agradecería se de verdá ma quitara porque levo aquí muitísimo tempo e xa non, e xa non aguanto máis. E quedáballe mui agradecida que ma quitara, de verdá, confíe en min, que non lle vou facer dano!

E o cazador, así algo mosqueado, e ó mesmo tempo pois dándolle algo de lástima díxolle:

- Pero mire unha cousa, eu quitaríalle a pedra si usté me promete que non me vai facer dano.

- Está prometido. Por favor quíteme a pedriña que non sabe cómo lle agradecería porque levo aquí e morro aquí de fame. Por favor, quítema que eu non lle vou facer dano, ho!

O pobre do home, era destas personas así bondadosas, e decidiuse e quitoulle a pedra. Ah! Pero a súa sorpresa que tan pronto lle quita a pedra, se mira libre, a víbora quíxoo picar e díxolle o cazador:

- Alto! Ti amin non me picas. Ti a min non me picas, eh? Primeiro vamos ir a onde un xuez, a ver quen ten a razón.

Entonces pois tratan de ir a donde un xuez, e o xuez era o zorro. E chega onda el e dícelle o cazador:

- *Buenos días* señor xuez.

- *Buenos días. Que os trae por aquí?*



- *Pues mire usted, trainos por aquí pa que nos resuelva esta papeleta.* Porque verá usted, eu resulta que vou de caza e paso polo camiño e había unha pedra, e debaixo dunha pedra estaba esta víbora. E pediume tan encarecidamente que non lle fixera dano, que resulta que tanto me pedi e tanto me pedi, que eu xa lle dixeran que si me facía dano que non lle quitaba a pedra de encima, e prometeume que non me facía dano. E resulta que así que se ve fóra, así que se ve sin a pedra quéreme picar. Dígame usted, quen ten a razón?

Entonces o xuez dice:

-Pois mire usted, eu para saber quen ten a razón teño que mirar as cousas cos meus propios ollos. Así que vamos a ir ó lugar donde sucedeu o caso e vaise poñer a víbora debaixo da pedra e usted pasando por alí e a ver cómo é, entonces saberei a quen lle teño que dar a razón.

E así o fixeron: marcharon ó lugar donde sucedera o caso, a víbora meteuse debaixo da pedra, e tan pronto se mete a víbora debaixo da pedra, o xuez dice:

- *Pues mire usted, aí queda, donde estaba, eh? Aí se queda donde está y punto.*

Entonces dice o cazador:

- Ai, señor xuez! Ai, canto lle agradezo esto que me fixo hoxe! Teño que facerlle un regalo. Eu a usted teño que facerlle un regalo.

E díxolle:

- Como home! Ti non tes nada que facerme, home!

- Como que non? Eu teño que facerlle un regalo a usted como sea porque usted hoxe salvoume a vida. Se non fora por usted hoxe estaba morto. Se non fora por usted hoxe, hoxe non estaba aquí, vamos! Eu teño que traerlle un saco de galiñas como sexa ou teño que facerlle algo.

- Nada deso hombre, chico! Non me veñas con nada, que eu non che quero nada!

-Si, si, si, si... Non faltaría máis!

Bueno, e marchan cada un para o seu sitio: o cazador veuse pa casa, o xuez marchou para o seu sitio. Entonces, cando chega a casa o cazador contoullo á muller o que lle sucedera. E dille a muller:

- 'Ti estás tolo, ti estás tolo meu fillo! 'Ti estás tolo! Como lle vas levar un saco de galiñas, si resulta que a outra noite anterior veume ó galiñeiro e comeume as que quixo? Fíxome un estragho! Inda lle vas a levar un saco de galiñas? Despois de todo eso, levaraslle un saco de cans!



E o home quedou sorprendido; non estaba enterado do que sucedera e dixo: “ Ai, mecaches! Me cago en tal! Entonces? Pero logo... Pois lévolle un saco de cans entonces. Como que? Si señor, un saco de cans.”

Baixa á huerta, colleu todos cans cantos tiña, meteunos nun saco e marchouse onda o xuez. E chegou onda el:

- Ola, buenos días señor xuez.

- Buenos días.

- Traígolle o prometido.

- Pero home, pero ti non che dixeran que non quería nada? Pa que me traes nada?

Dice:

- O que ho? Co favor que me fixo como non llo vou taer! Eu teño que cumprir a miña palabra. Traígolle un saco de galiñas.

E o zorro así mosqueado, así neste caso, dícelle:

- Galiñas serán, serán, pero chéiranme a can.

- E usté que me dice? Despois do que me fixo íballe a traer...

- Uí! Galiñas serán, serán, pero chéiranme a can meu fillo, chéiranme a can.

- Tranquiliño, tranquilo por favor. Prometinlle un saco de galiñas e un saco de galiñas lle traigo.

Entonces vai o cazador, desata o saco e abre o saco e salen un rabaño de cans detrás do xuez – que era o zorro neste caso - e corre, corre, corre, ladrándolle detrás, corre, corre, corre, e o zorro correndo, correndo, correndo, correndo! Entonces, cando se meteu no tobo, foi capaz de guardarse no tobo, dice dentro do tobo:

- Ai miñas catro patas, patas! Se non che fora polas miña catro patas o rabo comíanmo os cans!